HARUXÍA

Nº 9

25 Aniversario
I.E.S. Perdouro



ELOI CASTRO 1.º - A



A.C. "OS MATOS"

I.E.S. "PERDOURO"

Sum

ANO 2003 ■ N.º 9

COORDINADOR:
Antón Niñe Fernández

COLABORADORES:
Directiva do I.E.S. "Perdouro"
Titorías 1º Ciclo E.S.O.
Equipo de Normalización Lingüística
Jaime Costas
Benjamín González Quelle
Evaristo García Fanego
Olga Sastre
Delfín Maurín Álvarez
Amador Teijeiro
Dolores Basanta
Eva Castiñeira Pumares
Albano González Cancio
Eloy Rivera Seara
Jorge Traveso Trigo
Adriana Pardo Basanta
Daniela Oural Fra
Sandra Teijeiro Cora
Yovana Rego Vázquez
Tamara Pernas Murados
Sara Rey Vispo
Adrián Fernández Vázquez
Julio Fernández Quiroga
Alumn@s 1º Bacharelato

SEMINARIOS COLABORADORES:
Lingua Galega
Lingua Castelá
Plástica
Ciencias Sociais
Relixión
Administrativo
Metal

Fotocomposición e Impresión: Gráficas Arfe - Burela
D.L.: LU - 171 - 00
Edita: A.C. "Os Matos" - I.E.S. Perdouro

SUBVENCIONA:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística
Edificio Administrativo San Caetano - SANTIAGO

Estamos de Aniversario
Ana Robles Fraga

25 anos do I.E.S. Perdouro
Jaime Costas

25 anos de F. P. en Burela
Benjamín González Quelle

A inauguración do Instituto na prensa

Recordos
Evaristo García Fanego

20 anos antes
Olga Sastre

Un saúdo dende a Ría de Arousa
Delfín Maurín Álvarez

Imaxes de onte

Nota biográfica do I.E.S. Perdouro
Alumnos/as 1º Bacharelato

Imaxes de hoxe

Tempos aqueles
Amador Teijeiro

1.982 - 1.983
Dolores Basanta

Lembranzas dunha época
Eva Castiñeira Pumares

Eu volvería ó Perdouro
Albano González Cancio

I.E.S. Perdouro: Máis aló das fronteiras
Eloy Rivera Seara

Poesías ó I.E.S. Perdouro
- Jorge Traveso Trigo
- Adriana Pardo Basanta

Pasatempos
- Daniela Oural Fra
- Adrián Fernández Vázquez
- Julio Fernández Quiroga
- Sandra Teijeiro Cora
- Yovana Rego Vázquez
- Tamara Pernas Murados
- Sara Rey Vispo

Revista "Maruxía": Nº 9. . . ¡e van 10!
Antón Niñe Fernández

COMPUTER-3

expertos en informatización de empresas

soluciones informáticas de gestión para pymes (ERP, CRM) expertos en fiscal y laboral

La informática al alcance de su mano

Montero Ríos 66-68 — Lugo 982 284050

Arcadio Pardiñas 166 — Burela 982 585456

Calvo Sotelo — Sarria 982 535022

www.computer-3.com e-mail. computer-3@computer-3.com

- consultoría y asesoramiento
- programación
- servicio asistencia técnica
- formación dual
- comunicaciones e internet
- venta de hardware, periféricos, sistemas digitales y consumibles
- centro asociado al servicio galego de colocación.

ELECTROSON GALICIA, S.A.

COMPONENTES ELECTRONICOS INDUSTRIALES

I N F O R M A T I C A

Concepción Arenal, 48
Teléfono: 982 24 49 70
Fax: 982 24 69 71
L U G O

Presentación

¡Estamos de aniversario!

O I.E.S. Perdouro cumpre no 2003 o seu 25 aniversario. Hai un cuarto de século, este Centro abriu as súas portas cun cadro de persoal de 6 profesores (tres de Ensinanza Media e tres Mestres Industriais), dous contratados como persoal non-docente, unha matrícula de 80 alumnos e unha dotación de 120 mesas e cadeiras enviadas polo Ministerio de Educación dende Madrid.

Neste momento, traballan no Instituto 65 profesores, temos 478 alumnos de E.S.O., Bacharelato e Ciclos Formativos e os nosos equipamentos exceden as máis optimistas previsións daqueles primeiros profesores, alumnos e persoal non-docente do ano 1978.

Ó longo destes 25 anos pasaron polo Centro ó redor de 9.000 alumnos, ós que lles deron clase preto de 450 profesores, e colaboraron no funcionamento do Instituto 30 membros do persoal non-docente.

Este crecemento non foi fácil nin lineal; coma en calquera outro organismo, tróuxonos os seus propios problemas. Nunha primeira etapa tivemos falta de equipamento e escaseza de material didáctico; agora, o máis inmediato e evidente é a falta de espacio.

A historia do Instituto é a suma de todas e cada unha desas historias individuais de alumnos, profesores e colaboradores e é, tamén, algo máis ca esa suma. Todos xuntos fomos creando unha institución importante para a comunidade á que pertencemos.

Tamén, unha institución que cambia e aprende. Somos conscientes do molto que levamos andado e do moito que aínda nos queda por andar. A posta en marcha do programa de Mellora Continua é, unha vez máis, unha aposta de futuro para conseguir un Instituto que funcione cada vez mellor.

Entre todos irémolo conseguindo paso a paso.

ANA ROBLES FRAGA - *Directora*

¡ GRACIAS !

A Asociación Cultural "Os Matos", no 25° Aniversario do I.E.S. PERDOURO, quere mostrar o seu agradecemento a todas as persoas que fixeron realidade este proxecto educativo: veciños de Burela e dos arredores, institucións, empresas e distintos colectivos que, dun xeito ou doutro, puxeron o seu gran de area na vida do instituto.

Mención especial queremos facer ós pais de alumnoslas pola confianza posta no centro e ó resto da comunidade educativa -alumnado, profesorado e persoal non docente- que, día a día, foi procurando un centro cada vez mellor.

Tamén queremos ter un recordo garimoso para os profesores, alumnos e persoas vinculadas ó centro que xa non están conosco: para eles pedimos a paz eterna.

AUTOCARES - MICROBUSES

R. Calvo Sotelo, 13
Teléfonos: 982 52 12 08 - 608 58 80 97 (Móvil)
Fax: 982 52 13 50
MONDOÑEDO (Lugo)

A MARQUESA

C/. Castelao, n.º 5
Teléfono: 982 58 15 90
27880 **BURELA** (Lugo)

HOTEL - RESTAURANTE

Avda. Arcadio Pardiñas, 202

Teléfonos: 982 58 58 03 - 982 58 57 29

27880 **BURELA** (Lugo)

25 anos do I.E.S. "Perdouro"

Ó cumprirse este ano o vixésimo quinto Aniversario da inauguración do I.E.S. PERDOURO e a petición da Dirección do Centro, quero recordar con estas letras a importancia que representou naqueles momentos para Burela e o seu entorno dos chamados Centros de Formación Profesional de Primeiro e Segundo Grado e Instituto Unificado Polivalente.

Sendo o Sr. Arcadio Pardiñas Alcalde, un grupo de persoas, incluido él, pensamos que dado o crecemento vexetativo de Burela chegara o momento de conseguir uns centros de ensinanzas medias que cubrisen as necesidades educativas e culturais da súa poboación.

Iniciáronse as xestions buscando os terreos aptos para a súa ubicación e as xestións administrativas para a súa creación, rexeitada entón pola Comisión Provincial de Servicios Técnicos, en virtude dun informe da Inspección de Ensinanza Media no que se manifestaba que Burela encontrábase a 15 Kms. de Viveiro.

Esta negativa foi un acicate para seguir loitando pola súa creación, pediuse un crédito á Caixa de Aforros de Galicia de 1.400.000.- pesetas para a compra dos terreos sendo abalado este crédito polos Sres. Arcadio Pardiñas, Manuel Pena Castro, José Fernández González e o que escribe estas liñas. D. José Fernández González, dada a súa condición de veterinario municipal, desviviuse para conseguir firmas de apoio nos Concellos limítrofes e presentando unha matrícula de máis de 400 alumnos.

Sendo eu Alcalde creouse unha Comisión presidida por min e formada polos dous Tenentes de Alcalde D. José García García, D. Ramón Castro Pico e o xa nomeado D. José Fernández González mediante a cal xestionamos e conseguimos dúas entrevistas fundamentais para conseguir o noso desexo, elas foron co Subsecretario de Educación e Ciencia D. Federico Mayor Zaragoza e co Director General de Enseñanza Media.

Burela: 7-10-1978 -Inauguración do Instituto- D. Jaime Costas - Alcalde de Cervo

En 1976 iníciase a construcción do actual edificio I.E.S. PERDOURO, sendo inaugurado en Outubro de 1978, impartíndose nel durante uns anos os cursos de Bacharelato e de Formación Profesional.

Gustaríame resaltar a cooperación dos propietarios dos terreos, os que nun xesto digno do maior eloxio, vendéronos a un precio simbólico en comparación cos precios que había naquelas datas.

Pasados 25 anos desta inauguración, é reconfortante ver pasar ós grupos de alumnos/as dirixíndose ou saíndo de ámbolos dous centros de ensinanza media.

Jaime Costas

ACADEMIA

A Mariña

ISO 9001

SEGURIDAD PRIVADA

- **ESCOLTAS**
- **VIGILANTES**
- **GUARDAS DE CAMPO, CAZA Y PESCA**

TITULO OFICIAL

Información 982 58 50 98

HERRAMIENTAS

FERPA S.L.

DISTRIBUIDOR PARA LA PROVINCIA DE LUGO DE:

Brocas LATZ - Machos y Cojinetes FERG - Sierras SANDVIK
Cuchillas y Plaquitas KRUPP WIDIA - Discos CABALLITO
Electrodos y Material Soldadura SEO
Herramientas Neumáticas INGERSOLL RAND

Avda. Benito Galcerán, 30 - Bajo
Teléfono: 982 56 26 55 - Fax: 982 56 26 55
27850 **VIVEIRO** (Lugo)

25 anos de F.P. en Burela

Aló van, "cuesta abajo en su rodada", coma no célebre tango, vintecinco anos, dende aquel día da inauguración dos Institutos en Burela. Cando agora retorno -¡ai! "con la frente marchita y las sienes plateadas"- a aqueles tempos da "transición" política e dos comezos da F.P. en Burela, tamén eu me poño melancólico coma o Carlos Gardel. Xa uns anos antes da agonía de Franco había un alcalde en Cervo, chamado Arcadio Pardiñas, que se propuxera facer de Burela unha vila importante. Naquel entón Burela non era máis que unha parroquia do Concello de Cervo, que nin sequera viña nos mapas, aínda que era importante na provincia de Lugo e no litoral cantábrico pola súa flota boniteira. Arcadio Pardiñas logrou que se celebrase en Burela o "Día da Provincia". E aquel día, naquela celebración oínlle dicir a unha das autoridades da Capital: "Agora Burela xa está lanzada". E recordo tamén que coa frase me "lanzou" un billete verde para as obras da igrexa nova, que tamén se estaba a levantar daquela. Graciñas outra vez, señor Bobadilla. De vostede, coma doutros moitos, tamén queda unha pedriña nas paredes da nosa igrexa parroquial...

Fixérase a traída da auga dende a parroquia de Rúa. Trazárase na Veiga unha urbanización admirable, que redimiu uns terreos solaguentos e fixo deles solares, e por ende, ricos a tódolos seus propietarios, que perderon, con moito proveito, o trinta por cento das súas parcelas, e aviñéronse a conformarse coa que lles tocase no reparto. Aquelo non se vira nunca en Galicia ... Recordo que D. Enrique Peinó, un mestre de Burela que daquela era tamén concelleiro, foi nunha ocasión a Lugo, acompañando ó Alcalde, e viña eufórico: conseguiran a subvención para facer o edificio de Biblioteca Municipal. "¡Dá gusto pedir para Burela!", dicía fachendoso. E era certo. Había unha euforia nunca vista por estas ribeiras. Herminio do Lestao, que tiña o seu "Chigre" no porto e era un home de conversación amena e filosófica, dicía que nos pobos, ás veces, todo depende dun home que teña visión de futuro e sexa emprendedor. Ese home en Burela era Pardiñas. Propúxose facer os Institutos, reuniu a xente principal no salón da Biblioteca e alí se decidiu compra-los terreos para ubica-los Institutos nos Matos. Alí mesmo abriu el a suscrición con vintecinco mil pesetas-que entón non as gañaba calquera nun mes-. E mercáronse os terreos, e fixéronse os Institutos ...

Xa non era el o Alcalde cando se inaugurou o primeiro edificio, que constaba de tres módulos e ía destinado á Formación Profesional. O Alcalde de Cervo era D. Jaime Costas, quen o día da inauguración rendiulle tributo de gratitude e admiración, e tamén a D. José Fernández, o veterinario, que caladiñamente, coma bo cazurro, dicía el, influíu para que as obras foran adiante e remataran felizmente. A inauguración foi solemne. Veu a señora Delegada de Educación, Dna. Flora Veiga; veu o Bispo de Mondoñedo, Araújo, que abenzoou as instalacións; e estiveron presentes tódalas autoridades locais. O párroco de Burela celebrou a Misa do Espírito Santo na aula meirande do módulo central e despois da misa tomou a palabra a señora Delegada, quen pronunciou un discurso de altura pedagóxica. O bispo poñía cara de atención especial ás súas verbas. Despois falou o alcalde, D. Jaime Costas, quen dixo ser aquel un día histórico. E estivo atinado. Despois, o que ía se-lo primeiro Director de F.P., D. César Aja, que era un mozo barbián, dixo unhas palabras sinxelas, acordes co seu atuendo persoal: vestía un pantalón escuro e un xersei gris, de pico; deportivo e xuvenil, algúns botaban de menos nel unha garavata. E ó final, falou de maneira vibrante, brillante e convincente, o novo director do Instituto de B.U.P., Dn. Pedro Rubal ...

→

Ámbolos dous directores resultaron exemplarmente eficientes. Rubal ofreceume as clases de Relixión no Intituto de B.U.P., pero non me sentín con folgos para aceptar. Por razóns que non vou explicar, días máis tarde pedinlle ó Bispo Araújo que me nomeara Profesor de Relixión na F.P.... e o bispo accedeu, e nomeoume. César Aja ofrecéraseme a pedirllo el mesmo. Pero quixen ser eu directamente quen llo pedira e lle explicara o porqué... ¡Vaia a miña gratitude para ámbolos dous!... E asi foi como coñecín e trabei amizade con César Aja, e máis tarde con moitos outros profesores e profesoras. Aja resultou un bo director, con autoridade, compañeirismo, capacidade organizativa e sentidiño da prudencia. Un compañeiro, máis ca un superior. Agora está de alcalde en Viveiro e, ademais, é Senador do Reino. E teño entendido que segue a ser profesor de matemáticas, en excedencia, no Instituto do que foi o primeiro director.

Postos a funcionar os institutos, pouco a pouco, foron sempre a máis.

Do Instituto de B.U.P. non teño nada que dicir. Ocupou uns anos o módulo central da F.P., circunstancia que obrigou a suplementa-los outros dous módulos cunha "caracola", cedida por Alúmina-Aluminio, e cunha entreplanta que houbo de ser alugada a un particular nun edificio a uns cen metros, pouco máis ou menos, do módulo norte, onde estaba o ximnasio. Cos dous engadidos habilitáronse seis aulas máis. Pero aínda así, estivemos algo apretados uns anos ... Nunha ocasión tiven que dar clase ó aire libre, porque non había onde meterse. Pero todo se foi arranxando sen estridencias... Repito que non teño nada que dicir do Instituto de B.U.P. porque non teño vivencias persoais. Pero do da F.P. gardo un recordo indeleble. Foi para min unha experiencia moi valiosa. Entre outras cousas porque me obrigou a reciclarme en dous cursiños de dous meses, en dous anos consecutivos, na Universidade de Comillas. Foron catorce anos de contacto con profesores e alumnos, cos que tiven relación de boa convivencia e incluso amizade entrañable. Cando me xubilei honráronme os compañeiros cunha cea nun restaurante da vila e regaláronme unha bonita placa de prata. Para todos eles, a miña eterna gratitude. Non me caben os nomes deles neste escrito, pero si na memoria agradecida.

Debo dicir que tampouco tiven maiores dificultades cos alumnos. As maiores tívenas conmigo mesmo... Ser profesor de Relixión non é doado especialmente na idade máis critica da evolución psicosomática dos rapaces. Nada é doado nesta vida. Ás veces non sabía que facer con eles, porque, con moitas honrosas excepcións, estudiar estudiaban ben pouco... "Moita parola e pouco martelo" ... Algún nen o libro de texto mercaba. Se se podía aprobar sen el... Non suspendín sen embargo, a ninguén. Nos últimos anos había un profesor, que era de Santiago, ou de por alá, e dicía el: "¿Qué derecho tengo yo para suspender a nadie? Que lo suspenda la vida"... Outro, este do Seminario de Mondoñedo, nos meus tempos de estudiante dicía algo parecido: "Todo alumno merece un aprobado por el sólo hecho de bajar a clase con el libro de texto". E digo eu que non hai cousa máis tristeira que un suspenso, tanto para o mestre coma para o alumno.

→

25

En resumidas contas, quizabes aprendín eu máis dos meus alumnos que eles de min. Pero quédame deles un sabor de boa amizade. E espero que a eles lles quede tamén algo do que tratei de ensinarlles da Historia Sagrada e da vida, a luz do Evanxeo de Xesucristo e das ensinanzas da súa Igrexa. Cando menos, creo que fixen amigos, que non me parece pouco.

Agora, despois de vintecinco anos daquel comezo, e de dez anos da miña xubilación, doulle as gracias ó meu sucesor, Antón Niñe, por darme a oportunidade de colaborar na Revista conmemorativa das "vodas de prata" do Instituto de F.P. de Burela, no que fun un pobre mestre de adolescentes que parolaban moito, pero que tamén entendían que era moito mellor para eles o martelo que a parola, que había que traballar para que as cousas saíran ben feitas, que había que ter coñecementos e asento de man. E iso leva o seu traballo, o seu esforzo e o seu tempo. Sen traballo, sen esforzo e sen tempo non se acada a ledicia do relax pola obra ben feita e polo deber cumprido.

¡Ánimo, pois, "jóvenes amables, que en vuestros tiernos años al templo de Minerva dirigís vuestros pasos"!. De aquí a outros vintecinco anos eu tería cento un. Non conto con chegar a eles. Pero gustaríame celebra-las "vodas de ouro" da Formación Profesional de Burela no ceo, con aquela Pilar Sande que foi a nosa primeira secretaria e que finou nova, hai algúns anos. Para ela, o descanso eterno. E para tódolos demais, o traballo gratificante cos rapaces, co vivo desexo de que Deus lles dea saúde e ledicia para seguir vivindo e ensinando a vivir ás novas xeracións, das que vai depende-lo futuro do noso mundo.

Benjamín González Quelle

Burela: 7-10-1978 -Inauguración do Instituto-
D. Benjamín preside a Eucaristía no Centro

ALUMINIOS "Os Castros" S.L.

Teléfono y Fax: 982 58 60 69
Móvil: 659 93 53 48
Rúa do Colexio, n.º 9
27880 BURELA (Lugo)

REPARACIONES E INSTALACIONES
ELÉCTRICAS, NAVALES,
INDUSTRIALES, DOMÉSTICAS

S.L.
TEHMAR

Teléfonos: 982 58 02 54 (2 líneas)
Móvil: 667 49 39 69
Fax: 982 58 52 47
Avda. da Mariña, 68 - B
27880 BURELA (Lugo)

Animales y Accesorios

FAUNÁ

Peluquería Canina

CENTRO VETERINARIO
URGENCIAS: 609 33 82 85
C/. O Río, 10
Teléfono: **982 58 63 11**
27880 BURELA (Lugo)

ORDOÑEZ

MATERAL DE OFICINA S.L.

Exposición:
Ctra. Viveiro - Ribadeo, Km. 2
CELEIRO

Servicio Técnico:
Teléfono: 982 58 59 44

J. Navia Castrillón, 18
Teléfono: 982 56 01 65
VIVERO

Marqués de Sargadelos, s/n.
Teléfono: 982 58 01 58
Teléfono-Fax: 982 57 51 14
BURELA

A Inauguración do Instituto na prensa

EL Progreso DOMINGO, 8 de Octubre de 1978

BURELA

Ayer fueron inaugurados el Instituto Nacional de Bachillerato Mixto y el Centro de Formación Profesional

BURELA.— (De nuestro corresponsal, J. L. TRIGO).— A las cinco de la tarde de ayer, fueron inaugurados el Instituto Nacional de Bachillerato Mixto de Burela y el Centro de Formación Profesional de Primero y Segundo Grado.

Asistieron al acto, la delegada provincial de Educación y Ciencia, doña Flora Veiga; el obispo de Mondoñedo, monseñor Araujo Iglesias; comandante militar de Marina de El Ferrol, capitán de la Guardia Civil de Ribadeo, ayudante militar de Marina de Vivero, alcaldes de Alfoz, Mondoñedo, Vivero, Vicedo, Valle de Oro y Cervo; directores de ambos Centros y demás altoridades locales.

Comenzó el acto con la bendición de las instalaciones a cargo del señor cura párroco de Burela, don Benjamín González, procediéndose seguidamente a la celebración de la santa misa, en los locales de dicho Centro.

Acto seguido, el señor Costas Rodríguez, presidente del municipio, ha expuesto en breves, pero elocuentes y acertadas palabras, la necesidad de poner en marcha estas instalaciones.

A renglón seguido, habló el director del Instituto Nacional Mixto, don Pedro Rubal Pardeiro, pidiendo el apoyo y la confianza de todos los padres de alumnos de dicho Centro.

Como colofón, hizo uso de la palabra, la delegada provincial de Educación y Ciencia, doña Flora Veiga Aldariz, quien en breves frases dejó ver los mejores propósitos del Ministerio que ella representa, terminando con la bonita frase de que el Centro será lo que todos y cada uno de nosotros queramos que sea. Refiriéndose muy concretamente a la colaboración del pueblo.

El grupo de danzas "Ledicia", deleitó seguidamente a los allí presentes, tras cuya actuación se pasó a degustar un vino español en las instalaciones recién inauguradas, con lo cual se ha puesto fin a estos importantes actos.

Burela: 7-10-1978 -Inauguración do Instituto-

Prensa 1986

El Instituto de Formación Profesional de Burela es el segundo centro de la provincia por número de alumnos

Burela (Por X.A.). El Instituto de Formación Profesional de primero y segundo grado que funciona en Burela desde hace ocho años tiene en la actualidad una matrícula de cuatrocientos cincuenta alumnos, que lo sitúan, después del Politécnico de Lugo, con el mayor número de matrícula, entre los de este tipo de enseñanza dentro de la provincia.

El director de este centro es César Aja Mariño, con quien hicimos un recorrido por el mismo, abordando asuntos del pasado, del presente y de las perspectivas de futuro. Actualmente, el centro de FP de Burela dispone de las ramas de metal, en máquinas y herramientas; electricidad, con la especialidad de electrónica; administrativo y comercial; marítimo pesquera, con la especialidad de maquinista, y peluquería, con la especialidad de peluquería.

La procedencia de los alumnos es de los municipios de Cervo, Viveiro, Xove, Foz, O Valadouro, Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo y Barreiros.



El Instituto de Formación Profesional de Burela, un centro importante para la comarca

Vista por dentro

Para acceder a la enseñanza de la Formación Profesional se precisa el certificado de escolaridad. «Sin embargo, en estos años de funcionamiento del centro, la experiencia demuestra que los que accedieron sólo con el certificado de escolaridad no superaron el primer grado», precisó el director. Ello trae consigo que es preciso acceder con mayores niveles.

Veintinueve profesores forman el claustro, por lo que el ratio profesor-alumno es calificado como prudencial.

En el próximo curso será implantada la especialidad de peluquería. Para ello fue necesaria la construcción de una serie de anexos, por importe de unos dieciséis millones de pesetas. Pero no fueron sólo estas las obras realizadas, puesto que las inversiones últimas en nuevos talleres importan unos veintitres millones. En estos nuevos anexos se impartirán las especialidades de peluquería y electrónica.

Dentro de las preferencias del alumnado, hay que aludir necesariamente a la electrónica, puesto que nada más ni nada menos que un cuarenta por ciento de los estudiantes reciben las enseñanzas de esta especialidad.

Por otro lado, de los cuatrocientos cincuenta alumnos que constituyen la matrícula de este centro, entre doscientos cincuenta y trescientos utilizan el servicio de transporte, que se organiza a través de la asociación de padres de alumnos (APA), que es la que coordina su financiación y establece rutas y precios.

El director del centro, César Aja Mariño, es además el decano de los profesores que constituyen el claustro. Tiene actualmente treinta y cinco años, y lleva en el centro ocho, lo que equivale a decir que desde su apertura. César Aja es licenciado en Ciencias Biológicas e imparte clases de Matemáticas.

Sobre el pasado del centro de FP de Burela, César Aja nos recordó que en la primera etapa del mismo habían compartido edificio con el instituto de bachillerato. Hace ocho años las ramas que se impartían eran las de metal, electrónica, delineación y construcciones metálicas.

Una especialidad que no ha prosperado es la de construcciones metálicas. La mantuvieron durante tres años.

Recuerda César Aja Mariño la primera etapa del centro, en el sentido de que el 15 de septiembre de 1978 la matrícula ascendía a dieciséis alumnos. Después de una intensa campaña de información, visitando parroquias y aldeas, «conseguimos llegar a ochenta y tres alumnos ya en el primer curso». «Quiero recalcar y recordar -dijo- la especial colaboración del presidente de la APA de aquel entonces, la del veterinario, José». También destacó a colaboración de todos los sucesores en la APA, «pero tengo un especial por el primero, por tratarse de una fase difícil. Incluso llegamos a pedir a los padres para material de prácticas».

En cuanto al comedor, antaño lo compartían con el centro de EGB. En la actualidad, los de un radio amplio van a comer a sus casas, aprovechando el transporte que tiene estructurado la APA.

También el director del centro de FP de Burela explicó que los estudios duran cinco años. Superados los dos primeros cursos se alcanza el título de auxiliar, que es equivalente a oficial de primera, y se convalida con el primero de BUP. Una vez superados en su totalidad estos estudios, se accede al segundo grado, que consta de tres cursos. Una vez aprobados, se obtiene el título de técnico especialista, equivalente a los antiguos maestros industriales, con el que se accede dentro de la especialidad directamente a las escuelas universitarias al trabajo. También se puede acceder a las oposiciones de profesores de prácticas de centros de FP.

Los estudios se dividen en dos áreas, una formativa común, muy similar en su contenido y temática a los de BUP, y la tecnológica, de acuerdo concada especialidad, que consta de tres asignaturas. Se trata de técnicas de expresión gráfica, tecnología y prácticas, «lo cual proporciona al alumno una formación integral, tanto en el sentido espiritual y cultural, como en el práctico, que va a necesitar para su desarrollo tecnológico a lo largo de su vida».

Dotación del centro

Este centro de FP de Burela consta de aulas teóricas y además talleres de prácticas. Los talleres están en función del número de alumnos de cada especialidad, «y aunque no estamos en condiciones de material óptimas, sí estamos dentro de la normalidad docente, para impartir una enseñanza de calidad, como lo demuestra la demanda de trabajo que se está produciendo en el mismo», dijo César Aja. «Los alumnos -añadio- que terminan sus estudios tienen un mínimo garantizado de puestos de trabajo, no sólo en empresas de la comarca, sino en exteriores que cuando necesitan técnicos medios acuden antes a nuestra escuela que a cualquier otra de la comarca. Y para mayor profundización, queremos constatar que es nuestro profesorado, en armónica colaboración con la empresa más importante de la comarca, como es Aluminio Español, con quien cuenta para la realización de cursillos extraordinarios para la formación de su propio personal. Asimismo, colaboramos muy intensamente y gustosamente con todas las empresas en las cuales están implicadas nuestras especialidades, tanto en personal como en material, y, como es lógico, con una doble función».

ELECTRICIDAD Núñez

- Montajes eléctricos en alta y baja tensión
- Instalaciones industriales, navales y domésticas
- Automatización y mantenimiento industrial
- Oficina técnica

Avda. da Mariña, 38
27780 FOZ (Lugo)

Teléfono: 982 14 04 85 - Fax: 982 14 02 23
mail:elnunez@elnunez.e.telefonica.net

Recordos

Cando cheguei ó, daquela, instituto de FP de Burela, alá polo ano 1981, os recursos dos que dispoñiamos para a docencia eran máis ben escasos. As actuais instalacións estaban compartidas con BUP (que ocupaba o edificio central) e os alumnos das tres especialidades que se impartían por aquel entón, xunto cos profesores, tíñanse que apañar co edificio inferior (no que tamén estaba o ximnasio, a sala de profesores e a secretaría) e o superior (no que estaban os talleres de electrónica e mecánica). Ben certo é que os alumnos eran poucos, xa que apenas enchían as tres aulas que había no edificio de abaixo; pero Burela, a principios dos oitenta, comezou a experimentar un incremento de poboación propiciado pola construcción e posta en funcionamento da fábrica de Alúmina-Aluminio. Esto supuxo que se nos quedasen aínda máis pequenos os dous edificios dos que dispoñiamos e tivéronse que adoptar solucións improvisadas para albergar o crecente número de alumnos, como foron o aluguer da casa onde está o almacén de Hipermóvil, na rúa do Camiño Real, ou a instalación dunha caseta prefabricada das que se utilizaran para vestiarios durante a construcción da factoría de Alúmina-Aluminio. Esta situación provisional non durou moito, xa que axiña se construíu o instituto de BUP e pasamos a dispoñer do edificio central; con todo, tívose que ampliar o edificio de abaixo para dar cabida ós novos alumn@s da especialidade de perruquería.

E así, sen moitos cambios, pasaron os anos ata que chegou a E.S.O. e se decidiu poñerlle o nome actual ó centro: "Instituto de Ensinanza Secundaria Perdouro". Hoxe en día dispoñemos dunhas instalacións axeitadas ás necesidades do centro e adaptadas ás novas tecnoloxías para formar ós alumnos e prepara-los para a vida á que se van enfrontar. ¿Quen sabe o que estará por vir e como será o noso instituto dentro doutros 25 anos?; iso xa non é tarefa miña senón dos novos profesores que acaban de comezar a dar clase no noso centro e que, quizais, se queden e chegue un momento no que alguén lles pida (como a min) que fale un ponco da historia do ES Perdouro.

EVARISTO GARCÍA FANEGO
Profesor de Tecnoloxía de Metal



SARGADELOS

20 anos antes

Antón, que é un liante, pediume que lle escribira algo sobre os meus primeiros anos no instituto. Deixeino para última hora e hoxe séntome fronte ó ordenador. Van chegando recordos de moita xente que ó longo destes anos coñecín no centro.

O primeiro que teño que dicir é que tanto a nivel de compañeiros como de alumnos, en Burela sempre me sentín a gusto traballando. Son profesora por vocación, gustame a ensinanza, e se me sinto a gusto aquí é porque encontro que a maioría dos meus compañeiros senten o mesmo. Sobre os meus alumnos, só teño dicir que sempre me pareceron unhas persoas estupendas, o que axuda a seguir dando clase coa ilusión de ensinar, despois de 20 anos.

Cheguei ó Instituto de F.P. de Burela en 1982. Era o meu segundo destino como profesora da asignatura de Tecnoloxia Administrativa. O instituto tería uns 18 profesores, así que ó pouco tempo todos nos coñeciamos e había unha boa relación. A sala de profesores era un lugar moi animado, onde o normal era que todos participáramos dunha conversación común. Daquela época acórdome do moito que nos ríamos con Albino e Generoso, dous profesores que nunca estaban dacordo en ningún tema dos que se puidera tratar na sala.

Respecto ós alumnos, dicir que as clases eran moi numerosas. Era normal ter trinta e tantos ou corenta alumnos por aula, pero non por iso deixabas de ter boa relación con eles. Coñecíalos a todos e, cecais, coñecías mellor que agora os problemas personais de cada ún. No meu caso, isto pode ser porque agora dou clase nun ciclo superior que dura 2 cursos, os meus alumnos son maiores de idade e ocúpome máis do seu rendemento académico. Naqueles anos daba clase a alumnos de idades comprendidas entre 13-18 anos. A F.P. duraba 5 anos, así que víalos medrar, cambiar e, moitas veces, tiñas coñecemento dos problemas que se lles iban presentando ó longo deses anos.


Olga na Biblioteca

Dentro do plan de estudios de F.P., en 5° de Administrativo tiñamos a asignatura de Informática e durante varios anos eu fun a profesora encargada de impartila. O primeiro ano non tíñamos ningún ordenador, así que a asignatura era totalmente teórica. O segundo ano tíñamos un ordenador e ¡30 alumnos! ¿Como daba as clases?. Pois daba unha hora semanal nunha aula onde a pizarra simulaba o que tiña que saír na pantalla. Despois fixen 5 grupos de 6 alumnos cada ún e cada tarde levaba un grupo para realizar as prácticas co único ordenador que tíñamos.

Como vedes, os recursos materiais eran moi poucos, non tiñan nada que ver cos que temos hoxe. O famoso ordenador encantáballes a todos os alumnos. Naqueles anos case ninguén tiña na súa casa un ordenador. No recreo pedían permiso para traballar con él. ata que un día se estropeou. Veu o técnico e creo recordar que a factura alcanzou as 50.000 pesetas. ¡Quedámonos horrorizados e desequilibrounos o presuposto!.

Bueno, isto son uns recordos que gardo na miña mente con ledicia e que quero compartir con vosoutros a través da Revista Maruxía. Só me resta dicir que espero poder seguir disfrutando da miña profesión como ata o de agora.

Un saúdo.

OLGA SASTRE - Departamento de Administrativo

Rúa Lamestra 3
Apartado 33
27880 Burela (Lugo)
Tf. 982 580108
982 580405
Fx. 982 585253
oficosta@arraquis.es

Asesoría
Contable
Fiscal
y Laboral

Agencia
de Seguros

Consultoría

C/. O Río, 10

27880 BURELA

Teléfono y Fax: **982 580 504**

A túa imprenta

Un saúdo dende a Ría de Arousa

Saía de clase distraído e no fondo da escaleira esperábame o conserxe co inalámbrico na man:

- Delfín, chámante do Instituto de Burela.

- ¿Si? ¿Dígame? ¿Quen é?

- Ola, Delfín, ¿como estás? Son Antón, de Burela, quería pedirche unhas liñas para a revista do noso instituto...

¿Antón? ¿Burela? ¿A revista? E, ó principio, teño que facer un esforzo moi grande para escapar do presente, para fuxir do cotián e buscar no faio do recordo as persoas, os lugares, os feitos, remexendo no arquivo da memoria ata o curso 94/95, e atoparme de novo en Burela, no entón Instituto de F.P., nunha sala pequena na que un grupo de alumnos e profesores, entre os que me atopo, examinan distintos deseños para elixir unha portada, a portada da que vai ser o primeiro número -o número 0- da revista do centro: **Maruxía**.



Delfín no Monte Castelo -Semana cultural-

Rematadas as clases, xa na casa, busco agora un arquivador de cartón ata que encontro os números 0, 1 e 2 da revista do instituto mariñán e, ó pasar as páxinas, vou recuperando retallos do pasado, anacos de felicidade que xa tiña esquecidos e que a maruxía -a **Maruxía**- me trae desde as lonxanas, fermosas e bravías costas de Lugo ata as tranquilas praias do mar de Arousa, onde vai depositando nomes de persoas e de lugares que recupero e revivo. E volto así a subir ó Monte Castelo e a xantar alí cos alumnos e os compañeiros, e a contemplar desde a altura os boniteiros que tinguen de cores o porto de Burela; e volto a disfrutar da Semana Cultural e dos actos colectivos na Casa da Cultura, e... recupero o pasado, o meu e o de todos aqueles cos pasei momentos felices naquela etapa de Burela.

E agora chámame Antón e dime que a revista que puxemos a andar naquel curso 94/95 segue viva; iso éncheme de ledicia porque comprendo que, coma min, outros, alumnos e profesores do instituto de Burela, poderán un día retornar a tempos felices que moitas veces quedan soterrados no chapapote do presente.

Así que, recibide unha aperta volandeira dende a ría de Arousa e que a **Maruxía** continúe a facer o seu fermoso labor por moitos anos. Ata sempre.

En Vilagarcía de Arousa, a 20 de Febreiro de 2003

DELFÍN MAURÍN ÁLVAREZ

OTERO Y PARDEIRO PINTURAS, S.L.

Tfnos.: Móviles: 649 93 49 43 - 649 93 49 44

Rosalía de Castro, 77 - 4.º C
Teléfono: 982 58 57 53
BURELA (Lugo)

Teléfono: 982 16 90 72
ADELÁN - ALFOZ (Lugo)

LA DECORACIÓN DE LA VENTANA

Tlfs.: 982 58 57 53 - 649 93 49 45 - C/. Marqués de Sargadelos, n.º 3 - BURELA

J. Naray s. l.

EMPRESA CONSTRUCTORA

Carretera General, s/n.

27789 **FORXÁN - FOZ** (Lugo)

IMAXES DE ONTE

OBRA DE TEATRO

Taberna sin dono

AUTOR: Manuel D. Varela Buxán

Representada por:

Grupo de Teatro de F. P. de BURELA

Xuño, 1983

Obra de teatro: "Pauto do demo"

Alumnos 5º de Electrónica
Curso 1987-88

Profesores e alumnos de
Administrativo - 1991

Nota Biográfica do I.E.S. PERDOURO

1973	O "Ministerio de Educación y Ciencia" solicita ó Concello de Cervo a cesión de terreos para a ubicación do centro.
1975	O Concello de Cervo aproba a adquisición de fincas na zona de "Os Matos" (12 de Marzo).
1976	Redáctase o proxecto de "Centro de Formación Profesional para 360 puestos escolares" (Xuño).
1976	Adxudícanse as obras (14 de Decembro).
1977	Creación do Centro de Formación Profesional de Burela. - Real Decreto 2045/78 (20 de Xuño).
1978	***Inauguración do Instituto*** (7 de Outubro).
1978	Elección de Director: Sae elixido D. César Aja Mariño (23 de Outubro).
1979	"Ampliación de enseñanzas": "1° Grado Profesional Administrativa: Rama Administrativa y Comercial". (B.O.E. 8 de Agosto)
1980	"Ampliación a 2° Grado de la Rama de Metal, especialidad de Máquinas y Herramientas". (B.O.E. 23 de Agosto).
1981	"Ampliación a 2° Grado: Ramas Administrativo y Comercial: Especialista Administrativo; Ramas Electricidad y Electrónica: Especialista Electrónica de Comunicaciones". (B.O.E. 31 de Agosto).
1981	Supresión "1° Grado Rama de Metal: Construcciones Metálicas". (B.O.E. 25 de Agosto).
1983	Creación da "Rama Marítimo Pesqueira: Especialista Máquinas". (D.O.G. 23 de Xullo).
1983	*Remate de estudios da primeira promoción do Instituto* (Xuño).
1983	Entra en funcionamento o novo Instituto de B.U.P. (Outubro).
1985	Creación da "Rama de Perruquería e Estética: Especialidade de Perruquería" (D.O.G. 24 de Maio).
1985	"Obras de Ampliación Nave Taller" (4 de Novembro). "Ampliación de 4 unidades Centro de F.P. e Reformado" (Decembro)
1986	Creación do Consello Escolar .

1986	Novo Director do Centro: D. José Veiga Candia (23 de Xuño).
1987	Supresión da "Rama Marítimo Pesqueira: Especialidade Máquinas" (D.O.G. 28 de Xullo).
1989	Ampliación da "Rama de Electricidade e Electrónica: Especialidade de Electrónica Industrial" (D.O.G. 10 de Xullo).
1990	Nova Directora: Da. M.ª Fe Fernández Otero.
1992	Cambio de Directora: Da. Carmen Fernández Moreda (Outubro).
1993	Celébrase a Primeira Semana Cultural.
1993	Autorización para impartir o 2° Ciclo da E.S.O. (D.O.G. 2 de Xullo) Desaparición periódica da F.P.
1994	Nace a Asociación Cultural "Os Matos" (Xaneiro)
1994	Novo Director: D. Altredo Llano García.
1994	Intercambio cultural con alumnos universitarios portugueses. Primeira experiencia internacional (Novembro).
1995	Nace a Revista "Maruxía" (Marzo).
1995	Implantación do Bacharelato de Tecnoloxía. (D.O.G. 31 de Outubro).
1995	Primeiro Ciclo Medio da nova Lei de Educación: Ciclo Medio de Electrónica (Equipos Electrónicos de Consumo).
1995	Inicio do Cine Clube "Os Matos" (Decembro).
1996	Adscrición ó noso centro do "Colexio Público Virxe do Carme".
1997	Comezo dos Ciclos Superiores: "Desenvolvemento de Productos Electrónicos" e "Administración e Finanzas".
1998	Nome de *I.E.S. PERDOURO.*
1998	Cambio de catalogación do Instituto: pasa de ser de categoría "D" a categoría "C" ó sobrepasar a cifra de 600 alumnos.
1998	Incorporación de alumnos e profesores de 1° e 2° de E.S.O. Dependencias do "Colexio Público Vista Alegre" (Setembro).
1998	Novos ciclos medios: "Mecanizado" e "Perruquería".
2000	I.E.S. PERDOURO centro coordinador do Proxecto "Compartir Experiencias" *"Programa Comenius"* da Unión Europea.
2001	Nova Directora: Da. Ana Robles Fraga (Xuño).
2003	25 anos de docencia.

ALUMNOS/AS 1º BACHARELATO

IMAXES DE HOXE



Charla de Eduardo: Abril - 1999

Recollida de cogumelos: Outubro - 1999

Camiño de Santiago: Abril - 2000

Grupo de traballo "Comenius": Novembro - 2000

Despedida de Generoso: Decembro - 2000

Viaxe fin de curso, Salamanca: Xuño - 2001

Sala profesores 1º Ciclo ESO: Decembro - 2002

Festival San Xoán Bosco: Xaneiro - 2003

María, profesora P.T. na aula: Maio - 2003



1º Ciclo de ESO, exposición MUPEGA: Maio - 2003

Profesorado I.E.S. Perdouro: Maio - 2003

BURELARTE

CERÁMICA EN GRES

Parque Empresarial de Cuiña
Parcelas 104-112
27890 Cervo (Lugo)

Teléfono: 982 595 017
Fax: 982 594 307

27880 BURELA
Teléfonos: 982 58 00 63
670 06 35 36
Fax: 982 58 63 85
José M.ª González Río, 10

- INSTALACIONES INDUSTRIALES
- INSTALACIONES: FONTANERÍA - CALEFACCIÓN - GAS
- INSTALADOR DE PRODUCTOS:

"Tempos aqueles"

A mañá estaba realmente fría e unhas gotas calan ameazando un día verdadeiramente invernal do mes de febreiro do ano 1979.

Eran as oito e dez cando cheguei un pouco sufocado fronte do «Capitolio», que, para quen non sexa de Foz, direi que é unha cafetería que se atopa no cruce da estrada xeral coa baixada á rúa das casas Baratas. Hoxe en dia é coñecidá co nome de "Xoyma".

Alí nos xuntabamos tódalas mañás para agardar ó autobús que nos levaría ó Centro de Formación Profesional de Burela, coñecido hoxe como I.E.S. Perdouro.

José Ramón Barbeitos era o primeiro en chegar, logo viña Suso "o Tuto", Manolito e Bouso, este último chegaba sempre nunha pequena moto medio "destartalada", dende Vilaronte, posto que era alí onde vivía. Á saida de Foz, en Marzán, colliamos a Trelles.

Antes de seguir coa viaxe, merecen especial mención os autobuses de Morán, que era o encargado de levamos. Polo xeral eran coches moi vellos, de cambio automático, que daban un gran estrincón ó arrincar, facían moito boureo e de cando en vez avariaban deixándonos tirados en Nois ou Cangas.

A reliquia da flota de autobuses era un inglés co volante á dereita e co motor situado entre o asento do conductor e o do acompañante. A porta de acceso estaba no medio do vehículo e era manual. Ó ser tan pesada, Barbeitos era o único que a podía manexar. Tamén me lembro dos restos de repolos e cimóns que quedaban na bandexa de atrás, seguramente esquecidos da última feira á que iría cos paisaniños...

Despois de saír de Foz, a primeira parada era Nois. Alí colliamos a dúas irmás das cales nunca soubemos o nome xa que eran moi caladas. Tamén subía con elas un rapaz alto chamado Xusto.

A continuación viña a primeira parada de Cangas; nela subían Fabiana, seu irmán Lucho, María Xosé e Isabel, esta última baixaba sempre correndo polo prado...

A última parada faciámola no cruce de Cangas coa estrada que vai para Ferreira. Alí colliamos a Reme, Xosé María, Cristina e Ana Rubal. Esta última era unha loira despampanante e bastante "desarrollada", polo que a maioría dos rapaces andabamos detrás dela.

Chegabamos a Burela case sempre co tempo xusto, xunto cos de Ferreira e Viveiro. As clases comezaban ás nove. En F.P. impartíanse tres ramas: Administrativo, Electrónica e Metal. Eu pertencía a esta última. Como o centro aínda non estaba rematado, parte das asignaturas dábannolas conxuntamente cos de Electrónica nunha caseta prefabricada á que chamábamos "caracola".

As clases de Matemáticas e Ciencias dábanolas César Aja, director do Centro, na actualidade alcalde de Viveiro. A asignatura de debuxo lineal corría a cargo de Albino, quen viña tódolos días desde Espasante, máis aló do Vicedo. Este era un profesor bastante "enrollado". Pola contra, a que nos daba Física e Química, podemos dicir que era un verdadeiro "callo"... Lembro que era moi delgada e con mala uva, claro está que a asignatura que ensinaba tampouco lle axudaba moito.

Na rama de Metal, unha das asignaturas máis importantes era a de Taller. Os dous primeiros cursos déunolos Generoso, un bo home, aínda que un pouco iluso. Estaba empeñado en que mecanizásemos as pezas a base de lima, sen utilizar máquina ningunha. Unha das bromas máis habituais era botar unhas gotas de aceite nos tochos de ferro para que esvarase a lima. No segundo ciclo pasou a darnos clase Pepe Darío, un tipo moi recto e moi legal.

Lembro tamén con certo agrado o momento do recreo. O primeiro que faciamos era correr ó bar de Manolo, o conserxe, a comprar un bocadillo de salchichón ou chourizo que el mesmo preparaba. A continuación iamos xunto das rapazas de Administrativo, fumabamos algún que outro pitillo (os que xa tiñamos o vicio) e falabamos das nosas cousas. Algunha que outra parella comezou a perfilarse por aquelas datas. Recordo a Pilar e Mariña, estes de F.P., e a Rocío e Milín, do Instituto. Actualmente son matrimonios con fillos xa ben mozos.

Ó final da xornada, Morán volvíanos a levar, facendo o mesmo percorrido de volta a Foz. A viaxe xa era máis distendida e chea de boureo. Lembro que iamos despedindo ás rapazas con algún que outro adxectivo calificativo que xa todos imaxinaredes (pero sin pasarnos...). Unha das sensacións máis agradables que recordo era cando algunha das rapazas se me sentaba no colo; entón era cando a viaxe se me facía verdadeiramente curta.

Resumindo, direi que esta foi unha etapa moi fermosa e fructífera, pois, ó pouco de rematar os estudios, parte de nós atopamos traballo en empresas como Alúmina-Aluminio e outras importantes da zona.

Coñecín a moita xente e fixen grandes amigos. Era unha época de grandes cambios sociais: estabamos en plena transición, o golpe de estado de Tejero colleunos no derradeiro curso e lembro que neses días pasabamos as clases falando, medio en serio medio en broma, pero con certo temor de que nos chamasen urxentemente para facer o servicio militar, posto que xa tiñamos 18 anos.

Era un tempo no que os ordenadores nos quedaban aínda moi lonxanos e o teléfono non existía. Agora teño unha filla estudiando neste mesmo Centro, con gran orgullo para min, e podo dicir que estes tempos non son nin mellores nin peores que aqueles, pero si distintos.

AMADOR TEIJEIRO



Ferretería El Puente

CERRAJERÍA - TORNILLERÍA - PINTURAS
HERRAMIENTAS - FERRETERÍA EN GENERAL

Teléfono: 982 58 05 17
Fax: 982 58 17 36
C/. Rosalía de Castro, n.º 9
27880 BURELA (Lugo)

ALMACÉN:
DAYÁN, s/n.
Teléfono: 982 55 75 38
CERVO (Lugo)

VRL

Elena Varela

PELUQUERÍAS

BURELA
C/Eijo Garay, 15 - Bajo • Telf.: 982 585 454

VIVEIRO
Travesia de la Mariña, 41 • Telf.: 982 551 427

RIBADEO
Avda. de Galicia, 27 • Telf.: 982 131 294

CORUÑA
Ronda de Outeiro, 251 - Bajo • Telf.: 981 141 588

1982 • 1983

Lembrome daqueles tempos, lonxanos, moi lonxanos, xa hai vinte anos e os recordos e lembranzas vanse almacenando entre unha morea de anécdotas máis.

Os recordos son escasos, só uns poucos que flotan por enriba daqueles xa enterrados.

Eu estudiaba ciclo de administrativo. Na clase eramos, aproximadamente, vintetrés alumnos, entre que cales só había cinco rapaces; o resto, todo rapazas.

Tiñamos profesores que impoñían moito respecto e carecían de paciencia, como a profesora de matemáticas; outros, que aínda que con algo de paciencia, salientaban polo seu forte carácter, a profesora de prácticas de oficina e cálculo mercantil era unha delas, pero... como ten que haber de todo, tamén tiñamos algún/a que era excelente, doce, agarimosa... e cargada de paciencia, creo recordar que era a profesora de contabilidade.

Había os tres pavillóns como hoxe hai, pero careciamos de biblioteca e no pavillón de abaixo, onde eu estaba, había un pequeno bar.

Á parte do ciclo de administrativo, tamén había os ciclos de metal e electrónica, e tamén estaba BUP.

Entre clase e clase tiñamos cinco minutos, tempo que os profesores empregaban para ir á clase correspondente, debido a que nós non nos desprazabamos. Despois, a media mañá, tiñamos un pequeno recreo.

Acórdome dunha anécdota que nos ocurreu un día cando, como de costume, iamos para a clase e nos impediron entrar ó instituto, estaba pechado e non se nos permitía o paso; non me lembro moi ben por que, quizais unha folga ou un acto de reivindicación por algunha causa.

Tamén lembro que cando había exames, as notas eran publicadas nun taboleiro de anuncios que había no corredor...

Estes son uns dos poucos recordos que gardo daqueles tempos, debido a que só estudiei un ano de administrativo e despois incorporeime ó mundo laboral.

DOLORES BASANTA

TECNOLOGÍA ELECTRÓNICA
DE COMUNICACIONES Y NAVEGACIÓN, S. L.

TECNAV, S.L.®

FURUNO®

MARINE ELECTRONICS



DISEÑAMOS LA INSTALACIÓN DEL EQUIPADO ELECTRÓNICO DEL PUENTE DE GOBIERNO, A SU GUSTO Y MEDIDA

Disponemos de la ultima tecnología, en electrónica marina

C./ Curros Enríquez, 12 BURELA (Lugo) Tel. 982 581031 Fax. 982 581312

Lembranzas dunha época

Curso 1993-94: Eva, abaixo á dereita, con algunhas compañeiras na festa de San Xoán Bosco

Resulta emocionante volver a vista atrás e recordar os momentos vividos no agora chamado I.E.S. "Perdouro". Véñenseme á memoria moltas imaxes, sons e sentimentos que noutro tempo percibín nese lugar; por iso resulta complicado resumir cinco anos de intensas experiencias nunhas poucas palabras.

Recordo o primeiro día de clase. Con quince anos comezaba a estudiar nun centro totalmente novo para min, con novos profesores e novos compañeiros. A palabra que resume o que sentía nese momento era medo, por todo o novo que se presentaba ante min. Pensaba que non ía coñecer a ningún dos meus novos compañeiros e levei unha grata sorpresa porque afortunadamente coñecía a uns cantos. Recordo perfectamente que a presentación foi na aula número trece. Alí estabamos tódolos alumnos de primeiro A de F.P. 1 Administrativo. Ese ano había dúas clases no meu curso.

Eu conxeniei perfectamente dende o primeiro momento cunha das miñas compañeiras: Igualdina. Era unha rapaza de cor, pero foi tal o trato e o costume de estar con ela que para min non había ningunha diferencia entre a súa cor e a dos demais compañeiros. Eu miraba para ela e vía a unha persoa igual que as demais que me rodeaban. Desgraciadamente no seguinte curso xa non estaba no instituto, xa que doixou de estudiar. Entón, encontreime cunha nova compañeira coa que tamén me cheguei a levar moi ben, chámase Carolina. Ata entón non a chegara a coñecer xa que, no primeiro curso, ela ía en B e eu en A. Chegamos a ser inseparables, sempre estabamos xuntas. Uníanos a mesma preocupación polos estudios. Pasabamos os recreos na biblioteca estudiando e as dúas sacabamos moi boas notas. Carolina foi a miña compañeira dende o segundo curso ata o último e co tempo converteuse na miña mellor amiga, e aínda hoxe o é.

Recoñezo que, en xeral, non o pasei demasiado ben no instituto. Son demasiado responsable e preocupada; centreime moito nos estudios e nada en saír e divertirme. Teño que dicir que foi a miña familia, especialmente, a que me axudou a seguir adiante cos estudios, pois eu soa afogaba nun vaso de auga. Agobiábame e sufría moito polo medo a non aprobar.

Lembro as falcatruadas que facían os meus compañeiros ós profesores, sobre todo nos primeiros anos. Hoxe fanme gracia, pero antes tíñanme moi preocupada, xa que por esas bromas castigábannos a todos. Tíñana tomada co profesor de Prácticas, e metíanlle pipas nas pechaduras para que non puidera abrir a porta da aula. Tamén lle botaron tinta na súa silla e cando se ergueu tiña o pantalón manchado. Entre clase e clase, tiraban os borradores pola ventá, facían guerras de xices, etc.

De vez en cando tiñan lugar folgas de alumnos no instituto. Había pequenas discusións entre os meus compañeiros de curso e máis eu xa que eles querían ir á folga, como escusa para non ir á clase, e pretendíían que ninguén fose ás aulas; pero eu quería ir, e por iso moitas veces enfadábanse comigo porque case nunca lles facía caso neste sentido e sentíanse prexudicados.

Houbo un ano curioso. Tres das nosas mestras estaban embarazadas e colleron a baixa despois do primeiro trimestre. Así, no mesmo ano, tivemos tres sustitutos: dúas mestras (Prácticas e Contabilidade) e un mestre (Humanística). A sustituta de Prácticas axudábanos moito e era moi simpática; a de contabilidade tiña unha forma moi graciosa de falar e soía repetir a seguinte frase: "estais muy verdes", e cousas semellantes; o de Humanística era moi raro, falaba moi de présa, e quería parecer un profe "guay" dicindo frases en italiano ou en inglés, como "welcome to the club" ou outras semellantes.

Durante os cinco anos que estiven estudiando no centro tocáronme toda clase de mestres. Habíaos encantadores e simpáticos, con clases amenas e interesantes (Relixión, Educación Física, Recursos Naturais, Inglés, etc.). Outros eran moi esixentes e serios, con clases aburridas, pero nas que se aprendía moito (Contabilidade, Prácticas, Economía, Dereito, etc.). Houbo un caso no que a mestra pasaba de ensinar e limitábase a dar teoría sen explicar nada (Humanística). Tamén tiven un mestre moi especial, que pretendía impoñer as súas ideas políticas nas súas clases; era un mestre moi intelixente, pero pouco foi o que aprendimos con el e se por el fose todos falariamos portugués. Tamén houbo unha mestra que lle a quen lle tocou ensinar unha asignatura da que non tiña moita idea e adicábase a dictar dun libro; para axudarnos, acordou con outro mestre que nos dese clase unha vez á semana nunha hora que el tiña libre.

Fun delegada de clase os tres primeiros cursos. Principalmente tiña o cometido de levar o parte de faltas de clase a clase, ir buscar xices á conserxería, ir buscar fotocopias, acudir a reunións de delegados e, en definitiva, representar ós meus compañeiros. Algunha que outra vez, algúns dos meus compañeiros, téñenme distraido para facer desaparecer o parte de faltas e así librarse de que a titora llelas mandase á casa.

Durante algúns cursos tivemos a asignatura de Informática. A aula que por entón tiñamos estaba chea de ordenadores antigos e moi desfasados, polo que en cada curso nos ensinaban o mesmo, non saímos de MS-DOS; e iso que no último ano xa estaba preparada a aula nova de informática, pero nós seguimos na aula vella; iso foi algo que non me gustou nada, porque nos privaron de aprender unha asignatura tan importante para o noso futuro.

Ademais de estudiar e aprender, tamén se facían outras actividades. Durante os cinco anos organizáronse dúas excursións de un día de duración cada unha: unha a Santiago de Compostela, á que eu non fun, e outra a Ourense, na que visitamos moitos sitios e da que gardo un sorpredente recordo da "Ciudad de los Muchachos", lugar onde conviven moitos rapaces de distintas idades e distintos países, que se adican principalmente ó mundo do circo. No último ano non se organizou a típica excursión de fin de curso debido ó desinterese da gran maioría dos alumnos implicados.

Participei en dúas ocasións na revista do centro. Na primeira das veces fixemos unha excursión na que participamos tódolos colaboradores da revista. Foi preciosa, paseino de marabilla, visitei lugares ós que nunca fora e coñecín máis de preto ós meus compañeiros de experiencia. Precisamente foi este o tema da segunda colaboración na revista: a viaxe.

Celebrábanse todo tipo de actividades durante "San Xoán Bosco" e a "Semana Cultural": desfiles, actuacións... que na súa maioría tiñan lugar na Casa da Cultura; tamén se celebraban actividades deportivas: baloncesto, fútbol-sala, etc. Eu teño participado en varias ocasións nas actividades deportivas e como espectadora en desfiles e actuacións. Encantábame ir á Casa da Cultura para ver os desfiles de perruquería, os "play-back", etc., e gustárame moito unha actuación teatral que fixeran alumnos e profesores. Un momento especial fora a entrega de medallas que nos fixeran ós integrantes do meu equipo por gañar a final de fútbol-sala feminino.

Quizais o mellor ano foi o último. Levei os estudios máis relaxadamente xa que non tiñamos clase pola tarde ningún día e tivo lugar o primeiro contacto co mundo laboral, a través das prácticas en alternancia que fixen nunha empresa de informática.

Se se fai unha comparación entre a Eva que entrou por primeira vez no instituto e a Eva que saíu, pódese apreciar perfectamente un gran cambio. Cando saín era máis madura, máis segura de min mesma, menos medosa; e por suposto, estaba máis preparada que nunca para desempeñar o traballo que sempre me gustou e ó que afortunadamente me adico.

EVA CASTIÑEIRA PUMARES

Eu volvería ó Perdouro

Albano e Rita no Monte Castelo -Semana Cultural-

Recórdoo perfectamente, como se fose onte, pero disto hai xa seis anos: era "el verano del noventa y siete", como cantaron os irmáns Estopa hai algún tempo.

Miña curmá Rita e mais eu quedaramos un venres do mes de setembro par ir ve-las listas ó instituto e mirar en que clase nos tocara. Estabamos na mesma clase, pero o día da presentación viñeran á nosa clase uns profesores e dixérannos que algún de nós se tiña que cambiar de clase para cubrir unhas prazas; e alí vai Rita correndo e eu quedei naquela clase, só, diante dunha vintena de descoñecidos. Ben, menos mal que coñecía a cinco ou seis compañeiros que viñeran comigo do Vista Alegre.

Todo era novidoso: o centro, a maioría da xente, o horario... e, sobre todo, os profesores, que era o factor que máis me preocupaba. Todos tiñan cara de poucos amigos e, para confirma-la miña hipótese, o primeiro día despois da presentación e a primeira hora da mañá chega a profesora de Historia cargada de folios e dinos: "... Isto non é un exame, é só para sabe-lo nivel, pero o que non saiba as cousas básicas, que se vaia preparando...". En terceiro da E.S.O. había que aprende-las provincias todas, as comunidades e os países todos menos algún raro deses. Isto parecíame ben, pero aprendelos na clase e non que che viñeran á memoria por ciencia infusa; pois, así era: tiñas que aprende-los países e as provincias ti mesmo e a profesora só che dicía algo cando o facías mal. Recordo que eu puxera Bilbao, no canto de Biscaia, e vaia enfado que apañara a profesora.

Daquela empecei a darme de conta de que aquelo xa non era a EXB (eu fixen a EXB e entrei xa en terceiro da ESO).

Os profesores asustábanme certamente, pero logo pasou o susto e funlles pillando o "quid"; no segundo mes de clase xa sabía de que pé coxeaba cada un. Ó final, acabamos abusando da confianza dos profesores e chegamos a facer cousas extraordinarias: tiveramos unha profesora de Bioloxía que se deixaba camelar facilmente e que era doada de entreter (un día fixemos un cabanote no fondo da clase con materiais de primeira clase -mesas e chaquetóns-... ¡Foi xenial!, pero finalmente cachounos e tivemos que desfacer o chalé e, gracias a Deus, que non nos mandou á Xefa de Estudios...)

Outro día fomos ó monte e ó parque do Hospital recoller flores e plantas para facer un herbolario. Unha compañeira de clase arrincou un eucalipto case tan grande coma ela e levouno para a aula. Finalmente fixemos o herbolario catro persoas pero fómolo pasando de man en man e, cambiándolle o nome, colou o timo e aprobamos todos.

Tivemos tamén un profesor de Historia ó que llas fixemos canutas... e ó de Galego... e a todos...

Pero unha das cousas que máis me gustaban eran as actividades extraescolares: as excursións, o teatro...

Acórdome de que, ó chega-la semana cultural, subiamos todos andando ata o Monte Castelo e logo comíamos alí (os de Metal e os de Electrónica, que xa eran maiores de idade, pasábanse un pouco...). Tamén estiven nun grupo de teatro e representamos "A consulta do doutor" e "O enfermo imaxinario"; con esta última obra gañamos un premio de Caixa Galicia en Lugo, pero o mellor era que o pasabamos xenial e, dende a miña experiencia persoal, recoméndovos participar neste tipo de actividades.

Tamén fomos de excursión ás Médulas, en León, e a outros moitos sitios, e disfrutamos participando nas actividades do Entroido: disfrazabámonos e cantabamos (algún ano) coplas ós profesores no patio. Era o día que podiamo criticalos co seu permiso.

Pero o mellor de todo non foron as actividades nas que o pasabamos moi ben; o mellor foron as relacións que entablamos cos profesores e cos compañeiros. O certo é que isto non pasa noutros centros e é que o Perdouro é especial; ten un encanto que abrangue a toda a xente que o compón: dende as bedeis que son rapidísimas facendo fotocopias ata as señoras do "JR" que viñan no recreo vendernos bocadillos de tortilla e larpeiradas a uns bos prezos.

Sinceramente, este é un lugar fóra do común: podedes aprender moitas cousas e tamén pasar os mellores momentos da xuventude coñecendo xente nova e . Así que eu recoméndovos que aproveitedes o tempo, cada minuto que pasedes aí, xunto á xente que vos quere ben e que intenta formarvos como persoas porque, chegada a idade de poñerse a traballar ou marchar a estudiar fóra, non vai haber quen mire por vós ou quen vos diga como debedes ou non debedes facer algo.

E, sen nada máis que dicirvos, despídome de vós coa esperanza de non vos ter aburrido moito con estas pobres pero sinceras liñas.

Un saúdo,

ALBANO GONZÁLEZ CANCIO

ROYAL QUÍMICA, S.L.

PRODUCTOS QUÍMICOS PARA LIMPIEZA E HIGIENE INDUSTRIAL

Fábrica y Oficinas:
Pol. Pocomaco, Parcela F-10, Naves 1, 2 y 3
15190 A CORUÑA
Tel. 981 280 658 - Fax: 981 131 202
Dirección postal: Apartado de Correos 1289
15080 A CORUÑA

I.E.S. PERDOURO: Máis aló das fronteiras

Ó longo dos seus vintecinco anos de historia o IES Perdouro foi medrando pouco a pouco ata chegar á actualidade. Este acrecentamento non se manifestou só no espacio fisico, no número de alumnos e profesores ou na oferta educativa; o centro tamén obtivo gran recoñecemento e prestixio dentro e fóra das fronteiras locais, chegando incluso a facer soar o seu nome en diversos países do estranxeiro.

Nestas páxinas resúmese unha parte importante do carácter internacional do instituto: as viaxes culturais ó estranxeiro. Non contamos cun gran número destas experiencias, pero gracias ó seu éxito seguramente non serán as últimas.

EXCURSIÓN A PORTUGAL (5º DE ADMINISTRATIVO) *CURSO 1994/95*

Entre o 16 e o 18 de novembro de 1994, preto de vinte rapaces/-as da rama de Administrativo de Formación Profesional realizaron unha viaxe a Ponte de Lima, impulsada polo mestre Isidoro Padín.

Á súa chegada foron recibidos polas autoridades municipais. Durante a súa estancia na localidade, os alumnos/-as do Perdouro visitaron diferentes lugares da mesma: a Biblioteca Municipal o museo dos Terceiros, a Igrexa Matriz, o monte da Madalena, a Escola Superior Agraria... E tamén outras cidades próximas coma Braga e Viana do Castelo.

Outra importante actividade foi a participación nunha conferencia sobre "A economía galaico-miñota", impartida polo doutor Carlos Fernandes, da Universidade Fernando Pessoa, e por Isidoro Padín, mestre do IES Perdouro.

INTERCAMBIO CON FRANCESES (TÓDOLOS CURSOS DE E.S.O.) *CURSO 1999/2000*

Entre os días 5 e 14 de maio, 30 alumnos/as e 3 profesores do IES Perdouro participaron nun intercambio con alumnos/as franceses do "College Jean Monnet" de Janzé (Bretaña). Este proxecto estivo organizado por Felicidad Fernández, profesora de Francés do noso instituto, e conlevou unha serie de actividades preparatorias como a correspondencia que mantiveron os rapaces dos dous centros.

Na primeira parte do intercambio, os estudiantes franceses viñeron a Burela onde realizaron diversas actividades, á parte de visitar distintos lugares, dende Santiago a Viveiro pasando por Sargadelos e, claro está, Burela.

→

A segunda parte consistiu na viaxe dos nosos alumnos a Janzé, onde se aloxaron nas casas dos seus amigos franceses, ó igual que fixeran eles na súa estancia en Burela.

Tras 18 horas de itinerario en autobús chegaron ó seu destino, onde foron recibidos polas diferentes familias coas que ían estar.

Entre o martes, día 9, e o xoves, día 11, realizáronse as visitas previstas pola comarca, entre as que destacan Mont Saint Michel, Saint Malo, Rennes, as alineacións megalíticas de Carnac e a cidade de Vennes.

O venres, último día da estadía cos franceses, organizouse unha mañá de clases no "College" e ó mediodía o Concello preparou unha recepción. Pola tarde realizáronse diversas competicións deportivas e á noite todos acudiron á festa de despedida.

O sábado 13, os bureleses partiron de volta á casa, parando un día polo camiño en Poitiers, para visitar Futuroscope: o gran parque temático da imaxe e da tecnoloxía.

VIAXE A SWINDON (1.º E 2º CURSO DE BACHARELATO) *CURSO 2000/01*

Organizada polo Departamento de Inglés, esta viaxe realizouse entre os días 27 de outubro e 5 de novembro. Na organización tamén participou o Swindon College, un dos colaboradores no proxecto "Comenius".

A viaxe de ida, que tiña Londres por destino final, realizouse en microbús ata Santiago e dende alí en avión ata a capital inglesa. O día 28, rapaces e profesoras visitaron o centro de Londres, o Museo Británico, Trafalgar Square e outros lugares de relevancia. Pola tardiña partiron cara a Swindon, onde se acomodarían con diferentes familias coas que residirían durante esa semana.

Dende o 30 de outubro ó 4 de novembro os alumnos/as realizaron numerosas visitas polas mañás: Oxford (Museo de Ciencias Naturais, xardín botánico...), museo do ferrocarril en Swindon, Avebury, Malborough, Bath (termas romanas, museo dos "jeans", museo de fotografía...); agás o día 2, que asistiron a clases de español en "Greendown School" e o día 3 que visitaron "Swindon College".

A partir das 18:00 horas, estaban coas familias inglesas. Deste xeito, podían practicar o idioma, xa que a situación os obrigaba a ter que facelo.

O día 5 abandonaron Swindon e marcharon cara ó aeroporto de Heathrow, onde colleron o avión que os traería de volta a Galicia.

Durante toda a estadía en Inglaterra, os alumnos/as tiveron a oportunidade de coñecer como é o día a día dunha familia inglesa, así como os seus costumes e o seu carácter.

VIAXE A ITALIA (4ºDE E.S.O.,1º E 2ºDE BACHARELATO) *CURSO 2002/03*

Profesoras e alumn@s en Italia

Entre os días 19 e 29 de setembro realizouse esta viaxe, organizada por Flor Rodríguez, profesora de Grego, Latín e Cultura Clásica no IES Perdouro, e na que participaron 15 alumnos/as e dúas profesoras. Esta viaxe contaba coa colaboración do "Instituto Matteo della Corte" de Cava dei Tirreni, co que o noso centro participa no proxecto "Comenius".

A excursión estivo precedida por unha serie de traballos que fixeran os alumnos durante o curso anterior sobre os lugares que ían coñecer.

O día 19 marcharon en microbús cara a Madrid, onde collerían o avión que os levaría a Roma. Despois de aterrar, tomaron un tren, o metro e un autobús para chegar ó albergue onde estarían ata o domingo 22.

Durante os catro primeiros días visitaron a capital italiana: o Coliseo, o Foro Romano, as Catacumbas, o Panteón, a praza Navona, a praza de España, o Vaticano... Nestas visitas puideron comprobar o esplendor artístico e histórico que asolaga cada recuncho da cidade.

O luns 23 tomaron un tren para desprazarse ata Cava dei Tirreni, onde se aloxarían nun albergue. Entre os días 24 e 27 realizaron diferentes visitas, guiados polos alumnos do "Instituto Matteo della Corte", entre as cales destacan: Pompeia, Salerno, Nápoles e a Costa Amalfitana (Amalfi, Positano). Nun destes días visitaron o Instituto, onde recibiron unha pequena homenaxe.

O sábado 28 regresaron a Roma, onde pasaron a noite, para regresar a Burela o domingo día 29.

Nesta viaxe, os rapaces/as non só aprenderon algo máis da cultura dos antigos romanos, senón que tamén coñeceron a cultura italiana actual e fixeron novos amigos. Como remate da actividade, os participantes publicaron no xornal "El Progreso" dous artigos a modo de resumo da súa aventura.

PROXECTO COMENIUS

Dende o curso 2000/01 están a funcionar no noso centro proxectos coma o "Comenius" e o "Leonardo". Estes proxectos, entre outras moitas cousas, necesitan dunha coordinación pedagóxica que non sempre se pode levar a distancia. Por iso, cada certo tempo, os profesores que participan nestes proxectos téñense que reunir nun dos centros.

Este feito propicia a viaxe dalgúns mestres ó estranxeiro, ou ben a participación do Perdouro como centro anfitrión.

→

LECTORES INTERNACIONAIS

Gracias a bolsas da UE e ó Departamento de Inglés, o noso instituto tivo a oportunidade de contar entre os seus docentes con "lectores", é dicir, bolseiros estranxeiros que realizan actividades de apoio lingüístico.

Así pois, durante a primeira avaliación do curso 2000/01, tivemos entre nós a Patrick Boberg, un rapaz sueco que estudiaba filoloxía hispánica. Gracias a el soubemos un pouco máis acerca de Suecia e da Unión Europea.

No presente curso contamos con outra lectora de nacionalidade belga, Tine Mombaers. O seu traballo consiste en realizar actividades para fomentar o coñecemento de Europa entre os alumnos.

Xaneiro 2003
Tine e Brigitte no I.E.S. Perdouro

INTERCAMBIOS "POSTO POR POSTO" CURSO 2001/02

En novembro de 2001 tivo lugar o primeiro intercambio "posto por posto" entre Felicidad Fernández, profesora de Francés do noso instituto, e Monique de Mirman, profesora de Español nun centro de Luçon (Francia). Estes intercambios realízanse de maneira simultánea, é dicir, a profesora estranxeira imparte as clases no noso instituto ó mesmo tempo que o profesor de noso centro as imparte no instituto foráneo.

CURSO 2002/03

Neste curso producíronse outros dous intercambios entre docentes, tamén organizados por Felicidad Fernández. O primeiro tivo lugar no mes de novembro e trouxo ata o IES Perdouro a Jean Pierre Lardeau, un profesor francés. O segundo tivo lugar durante toda a segunda avaliación, tempo no que tivemos a oportunidade de coñecer a Brigitte Van der Haegen, unha profesora de español dun instituto do norte de Francia.

Dende este recuncho quero animar a tódolos alumnos e, sobre todo, ós profesores que perden horas do seu tempo libre nun traballo que non sempre se lles recoñece, a que continúen organizando estas viaxes e actividades que aportan numerosos beneficios no ámbito cultural, lingüístico e ideolóxico.

ELOY RIVERA SEARA
1º BACHARELATO

Poesías ó J.E.S. Perdouro

Cando o mundo esperta de novo
e aparece un novo sol.
Cando os raios chegan á terra
e a gaivota levanta o seu voo.

Bizarro vento se levanta
e empuxa ás árbores cara atrás,
bondadosos, séguenlle a corrente
e móvense ó compás.

Fieis xentes que camiñan
ó instituto durante meses,
aceden sempre á súa cita
coma bos fregueses.

Grande marabilla espertar
e ver un belo amencer,
e te acompañe ata o I.E.S. Perdouro
o sol que acaba de nacer.

Cando cheges ó instituto
e te sentas ó abrigo,
disfrutas da paisaxe
mentres falas cos amigos.

A serea que toca ó fondo
coa súa constancia faise querer,
obrígame a entrar na mina aula:
canto eu hoxe vou aprender.

Jorge Traveso Trigo - 3º ESO - C

Espacioso pero pequeno
Con tres grandes pavillóns,
pasillos longos e estreitos,
temos boas instalacións.

Varios ciclos e bacharelatos,
están a estudiar aquí,
contando tamén coa E.S.O.,
o alumnado componse así.

Profesores e alumnos,
todos nos levamos ben,
facendo así un bo ambiente,
ambiente xove á vez.

Hai xente de todas formas,
uns van a estudiar,
outros pasar o tempo
sen ganas de traballar.

Compaxinámonos de maravilla,
pois para iso estamos aquí,
para comezar a formarnos,
e aprender a convivir.

Volvendo ó centro en sí
moitas cousas boas ten,
varias aulas, biblioteca,
ximnasio e pavillón tamén.

Dende fora vese triste,
apagado e sen vida,
pero por dentro, nos pasillos,
respírase ledicia.

Todo isto é só
dende a vista dunha estudiante.
Dende a dun profesor ou veterano
será tan só,
de entre os comentarios,
unha variante.

Adriana Pardo Basanta - 3º ESO - C

Aínda hoxe o lembras
pasado o tempo segue aquí,
e ti pasaches e eu pasei
e son outros os que han vir.

Chegarán, e canda eles as forzas,
as esperanzas, as ilusións;
con eles forrarán o aire
e impregnarano de emocións.

Gañen ou perdan, rían ou choren,
cos seus soños rabuñarán o teito
e coma sempre foi, paseniñamente,
deixarán a pegada do seu intento.

Voltaranse a troca-los papeis
os que ensinan, aprenderán,
e mentres entrelazan as palabras
será un retorno á mocidade.

Porque as túas aulas, Instituto,
son lugar de erudición
e como testemuñas caladas
acollen cada xeración.

Anónimo

Pasatempos

.- BUSCAR 15 PALABRAS RELACIONADAS COA AULA

G	F	M	N	L	A	P	I	S	O	B	H	A	E	S
L	C	D	P	E	G	A	M	E	N	T	O	U	A	B
V	I	A	B	F	C	X	D	C	V	A	H	C	F	Z
C	T	B	G	Z	H	Z	A	D	L	U	A	I	U	V
O	U	I	R	X	L	S	D	I	F	P	N	X	S	Ñ
M	O	Z	A	O	E	G	H	X	U	E	O	U	Q	Z
P	S	M	Q	M	B	C	C	N	Z	H	N	R	I	C
A	E	R	U	V	O	I	T	H	F	G	R	L	T	O
S	A	C	B	M	F	A	E	G	N	J	E	S	O	R
P	U	O	Ñ	Q	S	R	N	V	T	M	D	A	X	E
X	C	A	D	E	I	R	A	Z	O	S	A	R	L	S
S	E	R	O	D	A	L	U	T	O	R	C	G	E	R
Q	B	O	L	I	G	R	A	F	O	U	V	E	N	V
Ñ	I	J	X	A	M	O	G	A	C	E	B	R	T	U
L	O	Ñ	A	T	E	P	R	A	C	B	V	Q	X	I

Lapis - pegamento
cadeira - rotulador
bolígrafo - goma
carpeta - compás
caderno - regra
cores - libro
mesa - mochila
sacapuntas

Daniela Oural Fra - 1º ESO-B

¿Quen é quen?

.- BUSCAR 20 PALABRAS RELACIONADAS COS CICLOS FORMATIVOS.

A	P	Q	S	E	D	A	D	E	I	C	O	S	O	P
U	I	M	P	O	S	T	O	S	M	O	Ñ	E	D	S
D	A	W	C	I	F	X	Z	E	A	S	A	C	A	E
I	B	D	T	O	R	N	O	K	N	U	B	A	V	F
T	B	G	N	F	E	M	D	L	I	F	C	D	A	G
O	H	J	I	E	O	N	F	Ñ	C	A	D	O	L	H
R	V	G	U	D	R	P	R	G	U	R	H	R	J	I
I	L	I	M	A	T	Q	E	R	R	A	P	I	L	A
A	V	O	L	T	I	O	S	S	A	P	A	D	O	S
W	C	X	E	N	G	R	A	N	A	X	E	K	O	L
B	Z	J	A	K	L	P	D	N	E	M	Ñ	R	L	N
M	A	N	I	C	A	Q	O	R	T	O	U	Ñ	O	M
E	N	C	H	U	F	E	R	S	I	G	O	P	R	Q
A	L	I	C	A	T	E	A	T	E	U	V	S	T	U
M	A	R	K	E	T	I	N	S	P	V	A	T	I	O

secador - lavado
rolo - manicura
peite - voltios
pila - vatio
enchufe - alicate
torno - lima
fresadora - engranaxe
parafuso - sociedades
seguros - auditoría
renda - impostos

Adrián Fernández Vázquez - 4º ESO-B
Julio Fernández Quiroga - 4º ESO-C

Sandra Teijeiro Cora
Yovana Rego Vázquez
Tamara Pernas Murados
Sara Rey Vispo
Alumnas 2.º ESO - C

REVISTA "MARUXIA": N.º 9...

¡E VAN 10!

Aínda que ó presente exemplar da revista "Maruxía" ile corresponde o nº 9, en realidade trátase da décima publicación, contando co nº 0 do primeiro exemplar. Hai que dicir tamén que esta é a publicación nº 17 dos traballos realizados 3 pola nosa Asociación:

10 revistas "Maruxía",
1 libro "I.E.S. Perdouro - 20 anos de vida -"
6 traballos de investigación:
"Refráns mariñeiros"
"Medallistas olímpicos galegos"
"O románico no Norte da Provincia de Lugo"
"Faros e balizas da Mariña"
"Illas e illotes da Costa Luguesa"
"O gótico no Norte da Provincia de Lugo"

Cando se deron os primeiros pasos para constituír a Asociación Cultural "Os Matos", os promotores da mesma faciamos constar que "*Esta Asociación nace co desexo de fomentar un clima cultural propicio para o desenvolvamento de actividades que completen as funcións académicas*".

Tendo a honra de presidir a Asociación dende o seu inicio, penso que chegado a esta décima publicación da revista do noso Instituto é un bo momento para botar unha mirada atrás e facer un pequeno balance do traballo realizado.

Na presentación do nº 0 da Revista, que saíu á luz no mes de marzo de 1995, eu dicía: "*Cando se inicia un proxecto, e máis se é de tipo cultural, a ilusión que se vive nun principio é moi grande. Pero creo que aínda é máis grande a satisfacción que se sente cando ese proxecto chega a facerse realidade.*

(..) Como membro da directiva da Asociación Cultural "Os Matos", editora da revista, teño que sentirme, de feito síntome, contento por esta publicación, xa que é froito dun labor calado, sinxelo, teimoso e humilde, pero coa esperanza posta no traballo, na entrega e dedicación dunhas persoas que mostraron interese, que dedicaron o seu tempo e a súa ilusión para que a revista saíra adiante.

Como todos poderedes comprobar cando a leades, trátase dunha revista sinxela, humilde, pero chea de vida".



Creo non equivocarme se digo que ese desexo, eses anceios de facer da revista un medio de difusión da vida do instituto, un medio de expresión para os alumnos, profesores e demais persoas colaboradoras, e un medio de traballo para afondar na nosa realidade: educativa, cultural, económica, deportiva, social, etc., chegou a ser unha realidade.

A variedade de artigos foi unha constante na nosa curta historia. Desde aquel nº O xa puidemos comprobar este feito. Por poñer un exemplo, podemos recordar o sumario do primeiro número que saíu á rúa: *Editorial* (Altredo Llano, Director); *Burela... non se fixo nun día* (Eva Castiñeira Pumares e Carolina Muñiz Pinto, alumnas de 2º de Administrativo); *O Instituto de Formación Profesional de Burela* (Datos informativos do noso centro); *Excursión a Portugal* (Juan Carlos Enríquez Echevarría, alumno de 5º de Administrativo); *Receitas de cociña* (Patricia Maseda

Martínez e Mayra Fernández Joglar, alumnas de 5° de Administrativo); *Poesías galegas* (Juan Carlos Enríquez Echevarría, alumno de 5° de Administrativo); *O trasno descoñecido* (alumnos de 5° de Electrónica Industrial); *A pesca como recurso natural* (M.ª Belén Villarquide Riola, Alejandra Villarquide Riola, Elena Trigo López, M.ª José Rubiños Rivas, Montserrat González Fernández, Isabel Luaces Armada, alumnas de 5° de Administrativo); *Breve aproximación a un século de cine* (Enrique Marcote, profesor do Instituto de Bacharelato de Foz); *O recurso forestal* (José Antonio Martínez Comesaña, Profesor do Instituto de F.P. de Burela); *Pasatempos* (alumnos de 4° de E.S.O.); *Poesías castelás* (David Pérez Blanco e César Cancelos López, alumnos de 4° de E.S.O.); *Asociación Cultural "Os Matos": un ano de vida"* (Antón Niñe Fernández, Profesor do Instituto de F.P. de Burela); e *III Semana Cultural* (Programación da mesma).

De entre as particularidades da revista eu quixera "seguir destacando" dous aspectos que podían definir este traballo: unha revista humilde e chea de vida.

Humilde: porque a pretensión non é a de facer uns artigos "de altura periodística", senón que se trata de formar e informar dentro das nosas posibilidades moitas veces limitadas.

Chea de vida: porque os autores dos artigos, pasatempos, ilustraccións, etc., poñen entusiasmo, ilusión e imaxinación para conseguir a realización dun bo traballo.

O resultado queda impreso e está a disposición do público para a súa lectura. E serán, precisamente, os lectores os que teñan que facer a valoración da mesma. Eu espero contar coa benevolencia dos lectores e que "cheguemos a alcanzar o aprobado".

Non quixera rematar sen antes dar as gracias a todas as persoas que fan posible esta realidade: autores de artigos, deseñadores, coordinadores de traballos, colaboradores, etc. Gracias que fago extensivas ás persoas, institucións, organismos e empresas que colaboran economicamente na financiación da revista.

Por último quero recordar outras palabras do día da presentación: "*Isto ten que ser un orgullo e un estímulo para todos e que nos debe levar a continuar e a mellorar o camiño que este ano comezamos*". Eu espero que este proxecto siga adiante, con renovados folgos, renovadas ideas... e novas incorporacións para poder beneficiarnos todos dos seus froitos.

Antón Niñe Fernández (Maio de 2003)



EXPLOTACIONES CERÁMICAS ESPAÑOLAS, S.A.

MINAS Y LAVADEROS
BURELA (LUGO)

Teléfono: 982 58 03 00
Fax: 982 58 09 88

C/. PARDO BAZÁN

VEN A BURELA Y DISFRUTA EN PORTOPLAZA

CONCELLO DE BURELA